

Acallados los murmullos del público, da comienzo el duro diálogo entre moro y cristiano de esta forma: (Aparecen a caballo)

Cristiano: A Dios lle pido perdón,
e a esta Virgen Santa
pra loitar con este mouro
que atemoriza e espanta.
Estás ahi tan tranquilo
como si foras honrado;
mais hoxe vas pagar
as que fixeche hai mil anos.
E si eres home valente
baixa de ese cabalo
e ven a loitar conmigo.

Moro: Ay miña naiciña
no me fagas na tua terra
como che fixen eu na miña.
(suben al templete)

Cristiano: Vades a ver romeiriños
no noso turreiro en festas
a loita do mouro infiel
contra o cristián desta terra.
Loita que un dia tiveron
por estas folgadas e veigas
como antiga romaxe
peregrinos de outras épocas.
A Virxen que nos cobixa
está sorrindo contenta
igual que un dia venceu
a quen non quixo creer nela,
hoxe, coa axuda de Dios
e tamén coa axuda dela
penso poñer os seus pes
o seu amigo en cadeas.
Non pra ferilo e matalo
se non pra darlle a creencia
que a virxen ten nos seus ollos
bonituras feiticeiras.

Romeiros son eu quen falo
no nome da Nosa Reina
defendo a fe do Señor
e as cousas Santas da Iglesia.
E se Dios no me axudare
terei que morrer por elas.

Moro: Cristián, eu ven te ouvin
lanzar o vento
as cantigas en rengleiras.

Cristiano: Que cantigas eu non podo
ter na lingua
que por muito que eu falara
poucas cousas che dixera.

Moro: Pois que a porfia te pos
vamos a ver quen empeza a loita,
perro cristián, que como os cans adoezas.

Cristiano: A honra que temos nos
e ser cristián desde outeiro,
e ser valente e sin medo
a quen nos fira coa lingua.
Vaite de ahi, mouro infiel,
arretirate pra Meca
que os cristiáns non queremos
facer migallas con ela.

Moro: Vamos a ver quen te libra
do fio desta coitela,
que xa matou, sin mintir,
cristianos por docenas.
A Virxen que tedes vos
a ver si te libra desta.

Cristiano: Mouro infiel, non che consinto
que te me poñas con verbas
e no nome do Señor e da Virxen
a loita empeza
(luchan con espadas, hierro contra hierro)

Moro: Mahoma, sálvame agora
(Acaba la lucha cayendo el moro)

Cristiano: Esta loita fai mil anos
que os cristiáns tiveron
e en recordo daquel tempo
hoxe o Socorro ofrecémoslla

Moro: Cautivo estou xa de ti
e aprisioname onde queiras;
pero perdóname a vida
en nome da vosa Reina.
Que aembre a vosa bendita terra,
que nos dé pan e fartura
en todas nosas artesas,
e faga que todos pidan
a luz da fé pra conciencia
e pro ano que subamos
con salud canta Ela queira
a visitar alá enriba
a Virxen Santa da Fonte
e a Santiña da Franqueira.

La misma escena se repite el 8 de Septiembre en La Fran-
queira.